

CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO NO CONCELLO DE CAMARIÑAS. Ano 2019


Este estudo elabórase en base aos datos aparecidos na páxina web do Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Xunta de Galicia, tendo en conta distintos indicadores do mercado laboral que fan referencia tanto ao paro rexistrado como ás contratacións realizadas no concello.

O desemprego rexistrado no concello de Camariñas no ano 2019 foi do **0.52% do desemprego rexistrado na provincia**, porcentaxe algo inferior á acadada no 2018 (0.53%), igual á do ano 2017 (0.52%) e inferior á dos anos 2016 (0.55%), 2015 (0.57%), 2014 (0.55%) e 2013 (0.59%). Isto amosa que **o desemprego no concello creceu algo menos aceleradamente que na provincia neste último ano, acadando a mesma porcentaxe que no 2017 e diminuíndo respecto do 2018, 2016, 2015, 2014 e 2013.**

Se comparamos o desemprego do concello co resto da comarca vemos que, en decembro de 2019, Vimianzo conta cun 40.55% (40.43% no 2018) dos inscritos na comarca, Camariñas cun 37.18% (37.17% no 2018) e Zas cun 22.27% (22.40% no 2018). Este ano cómpre destacar que aumentou a porcentaxe de persoas desempregadas nos concellos de Vimianzo (0.12%) e Camariñas (0.01%) e descendeu no de Zas (-0.13%). No ano 2018 tiñamos a mesma tendencia aínda que nos concellos de Camariñas e Vimianzo aumentara máis a porcentaxe de persoas desempregadas respecto do ano anterior o que favorecía, polo tanto, unha maior diminución no concello de Zas.

O desemprego no concello segundo a idade e o sexo

O paro do concello ao longo do ano 2019 non segue a mesma tendencia en homes e mulleres. Aumenta no caso dos homes no segundo trimestre e descende no terceiro para aumentar de novo no derradeiro trimestre do ano. En canto ás mulleres, diminúe o número de desempregadas no segundo e terceiro trimestre para aumentar, ao igual que no caso dos homes, no cuarto trimestre do ano.



O desemprego afecta máis ás mulleres, acadando unha media porcentual do 66.67% (65.84% no 2018 e 64.89% no 2017) fronte ao 33.33% (34.16% no 2018 e 35.11% no 2017) de desemprego masculino, producíndose a máxima diferenza porcentual no terceiro trimestre do ano,

mentres que no ano 2018 tiñamos esta no primeiro trimestre e no 2017 no terceiro trimestre. Cómpre destacar que o desemprego feminino aumentou un 0.83% en relación co desemprego masculino con respecto aos datos do ano anterior (0.95% no 2018). En números absolutos observamos unha diminución no número de desempregadas xa que a media trimestral no 2019 foi de 223, mentres que no 2018 foi de 239 mulleres. Os homes desempregados presentan unha media trimestral de 112 homes, número tamén inferior aos 124 do ano 2018. O máis destacable no 2019 é o **aumento porcentual do desemprego feminino respecto do masculino en relación cos anos anteriores.**


Cadro nº1: DESEMPREGADOS POR SEXO

2019	Homes	Mulleres	TOTAL	PROVINCIA
Primeiro	115	233	348	67394
Segundo	116	223	339	61885
Terceiro	93	207	300	62699
Cuarto	123	231	354	65747

Cadro nº 2: DESEMPREGO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	24	53	72	94	105	348
SEGUNDO	19	54	67	85	114	339
TERCEIRO	13	39	61	71	113	300
CUARTO	27	55	69	84	119	354

Se facemos tres grandes grupos de idade observamos que as **maiores porcentaxes de desempregados sitúanse nos grupos de maiores de 45 anos** cunha porcentaxe do 58.54% (57.58% no 2018 e 56.68% no 2017) e o grupo de entre 25 - 44 anos cun 35.05% (36.91% no 2018 e 38.99% no 2017) de media do paro rexistrado.




Por outra banda, os menores de vinte e cinco anos acadaron de media un 6.41% (5.51% no 2018 e 4.33% no 2017) do desemprego no concello. Comparando os datos coas medias dos anos anteriores vemos que diminúe a porcentaxe de persoas desempregadas entre 25-44 anos para aumentar no grupo de menores de 25 anos e no de maiores de 45 anos.

Cadro nº3: DESEMPREGO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	10	33	52	66	72	233
SEGUNDO	8	33	50	56	76	223
TERCEIRO	5	30	44	49	79	207
CUARTO	12	38	48	53	80	231

Cadro nº 4: DESEMPREGO MASCULINO POR GRUPOS DE IDADE


	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	14	20	20	28	33	115
SEGUNDO	11	21	17	29	38	116
TERCEIRO	11	9	17	22	34	93
CUARTO	15	17	21	31	39	123



O **paro feminino** caracterízase por ser **superior ao paro masculino** en tódolos grupos de idade agás entre os menores de 25 anos, no que hai catro homes desempregados máis de media. As menores diferenzas por idades exceptuando o

grupo de menores de 25 anos, obsérvanse entre as persoas de 25-34 anos, onde temos 17 mulleres máis que homes. A franxa na que se sitúan a maioría das mulleres desempregadas sería no grupo de máis de 55 anos.

Os peores datos de **homes** desempregados sitúanse no grupo de maiores de 55 anos e o de 45 - 54 anos, (36 e 27 desempregados, respectivamente de media). O ano pasado as maiores porcentaxes xa correspondían a estes



mesmos grupos polo que vemos que continúa a tendencia. Aínda que baixou lixeiramente o número de desempregados (37 e 30 respectivamente de media no 2018). O período de descenso do paro afecta especialmente aos grupos de 25-34 anos e o de 45-54 anos. No cuarto trimestre do ano aumenta o número de desempregados en tódolos grupos de idade respecto do trimestre anterior, no 2018 este aumento dábase en tódolos grupos agás entre os menores de 25 anos e o de 25-34 anos.



O nivel de instrución e desemprego

O nivel de instrución dos demandantes de emprego é moi baixo. Atopamos unha media dun 55.55% (57.71% no 2018 e 59.60% no 2017) de persoas desempregadas que non teñen rematada a ensinanza obrigatoria. Un 28.19% (26.45% no 2018 e 25.19% no 2017) só teñen a ensinanza obrigatoria e soamente un 2.76% (2.48% no 2018 e 2.04% no 2017) de demandantes de emprego posúen titulación universitaria. A porcentaxe de persoas desempregadas con formación media é do 13.50% (0.14% máis que no 2018). O paro segue a afectar maioritariamente aos desempregados sen ESO.

Cadro nº5: DESEMPREGO POR NIVEL DE INSTRUCIÓN

	PRIMEIRO		SEGUNDO		TERCEIRO		CUARTO	
	H	M	H	M	H	M	H	M
UNIVERSITARIOS	1	6	2	8	1	8	1	10
BUP/BACHARELATO SUPERIOR/COU	3	9	3	10	2	9	1	10
FORMACIÓN PROFESIONAL	10	28	12	22	9	18	12	23
ENSINANZA OBRIGATORIA	26	72	25	69	19	61	33	73
ATA CERTIFICADO ESCOLARIDADE *	75	118	74	114	62	111	76	115
TOTAL	115	233	116	223	93	207	123	231

* Inclúe certificado de escolaridade, estudos primarios sen certificado e sen estudos.



Por sexos atopamos que **as mulleres presentan mellores niveis de instrución que os homes**. Non terían rematada a ensinanza obrigatoria o 51.23% das mulleres (50.84% no 2018) e o 64.20% dos homes (70.97% no 2018). Só posúen ensinanza obrigatoria o 30.76% das mulleres (30.96% no 2018) e o 23.04% dos homes (17.74% no 2018) mentres que contan con titulación universitaria o 3.58% das mulleres (3.35% no 2018) e só un 1.12% dos homes (0.81% no 2018).



O desemprego por sectores económicos

Cadro nº6: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL
SECTOR PRIMARIO	12	15	27	10	18	28	7	14	21	9	16	25
SECTOR SECUNDARIO	25	8	33	35	9	44	36	9	45	25	9	34
SECTOR CONSTRUCCIÓN	3	24	27	4	35	39	3	27	30	3	37	40
SECTOR SERVICIOS	177	60	237	162	46	208	151	36	187	178	52	230
SEN EMPREGO ANTERIOR	16	8	24	12	8	20	10	7	17	16	9	25
CON EMPREGO ANTERIOR	217	107	324	211	108	319	197	86	283	215	114	329
Total	233	115	348	223	116	339	207	93	300	231	123	354


Máis do 93% dos desempregados do concello de Camariñas son traballadores con experiencia profesional e, polo tanto, menos dun 7% é demandante de primeiro emprego. Con respecto ao ano 2018 atopamos as mesmas porcentaxes.

Se analizamos os datos tendo en conta a variable sexo, observamos que a porcentaxe de homes desempregados en busca de primeiro emprego é sensiblemente superior á porcentaxe de mulleres nesta situación (7.16% de homes e 6.04 % de mulleres). Neste caso invértese a tendencia do ano 2018 no que a porcentaxe de mulleres en busca de primeiro emprego era superior á dos homes





A maior cantidade de persoas desempregadas dáse no sector servizos (215 persoas de media), seguido do sector secundario (39 de media), construción (34 de media) para rematar co sector primario con 25 persoas desempregadas de media.

Atendendo á evolución por trimestres observamos distintas tendencias segundo os sectores. Aumenta o número de persoas desempregadas nos sectores primario, secundario e construción no segundo trimestre. No terceiro trimestre diminúen os parados en tódolos sectores agás o secundario (no que só aumenta unha persoa) respecto do trimestre anterior. No cuarto trimestre aumentan o número de desempregados en tódolos sectores agás no sector secundario que diminúe en 11 persoas.



Se temos en conta a variable sexo, o comportamento do desemprego nos distintos sectores varía considerablemente. En canto aos homes, o maior número de desempregados atopámolo no sector servizos, seguido do sector da construción, a continuación situaríase o sector primario e, para finalizar, o secundario.


Se avaliamos os datos das mulleres o maior número de desempregadas atopámolo no sector servizos, seguido a bastante distancia do sector secundario e primario. O número de mulleres desempregadas no sector da construción é moi baixo, isto débese ao feito de que as mulleres non soen demandar traballo neste sector nin o sector soe demandar mulleres.



A contratación no concello por sectores económicos

Cadro nº 7: CONTRATACIÓN POR TRIMESTRE E SECTOR ECONÓMICO

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total
SECTOR PRIMARIO	2	89	91	9	97	106	7	67	74	13	56	69
SECTOR SECUNDARIO	37	6	43	30	7	37	16	5	21	24	19	43
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1	29	30	0	19	19	0	22	22	1	20	21
SECTOR SERVICIOS	68	25	93	123	74	197	138	106	244	81	37	118
TOTAL	108	149	257	162	197	359	161	200	361	119	132	251




No gráfico da evolución da contratación por sectores económicos obsérvase que esta aumenta no segundo trimestre respecto do anterior nos sectores primario e servizos, diminuíndo nos sectores secundario e construción. No terceiro trimestre (época de verán) aumenta a contratación en relación co

trimestre anterior nos sectores da construción e servizos, é neste trimestre no que se asinan o maior número de contratos en todo o ano. No cuarto trimestre prodúcese un descenso nas contratacións dos sectores primario (-5), construción (-1) e, especialmente, no sector servizos (-126). Aínda que aumenta o número de contratos no sector secundario (+22) o forte descenso no sector servizos fai que o cuarto sexa o trimestre do ano no que se producen o menor número de contratacións.


Na contratación que se efectúa no concello destaca o seu carácter maioritariamente masculino, 55.21 %. Continúa a tendencia dos anos 2018, 2016, 2015, 2014 e 2013 no que a maioría de contratos foron para os homes (53.81%, 56.77%, 53.27%, 50.85 % e 58.37%, respectivamente). Só se asinou maioría dos contratos ás mulleres no 2017 (53.16%). Os sectores máis masculinizados son o sector primario e a construción. A maior porcentaxe de contratos no caso das mulleres con respecto aos homes dáse no sector servizos e no sector secundario.

Se avaliamos a contratación por trimestres vemos que durante o 2019 (igual que no 2018) os homes se incorporan ao mercado de traballo en maior número que as mulleres en tódolos trimestres do ano. No 2017 eran as mulleres as máis contratados en tódolos trimestres agás no cuarto. A maior diferenza nas contratacións femininas e masculinas obsérvase no primeiro trimestre do ano (+41 a favor dos homes). A menor diferenza no número de contratacións entre homes e mulleres prodúcese no derradeiro trimestre do ano, (+13 a favor dos homes).


Evolución da contratación




No primeiro trimestre o máis significativo é o alto número de contratos femininos no sector servizos seguidos a bastante distancia do sector secundario. No caso dos homes acádanse máis contratacións nos sectores primario e construción. Como xa se sinalou, é neste trimestre no que se produce a maior diferenza no número de contratos entre homes e mulleres de todo o ano, sempre a favor dos homes.



As contratacións masculinas aumentan en tódolos sectores agás na construción (-11 contratos) respecto do trimestre anterior. Nas mulleres aumentan os contratos nos sectores primario e servizos. Destaca este trimestre por ser o de maior número de contratacións femininas de todo o ano.



Neste terceiro trimestre (época de verán) diminúe o número de contratos nos sectores primario e secundario, aumentando na construción e, principalmente no sector servizos. Como xa se comentou é neste trimestre no que se produce o maior número de contratacións en todo o ano. No caso dos homes aumentan os contratos nos sectores da construción e servizos, os bos datos deste último sector fan que este sexa o trimestre de maior contratación en todo o ano no ámbito masculino. Nas mulleres diminúen os contratos nos sectores primario e secundario, non se acada ningunha contratación na construción e hai un aumento no sector servizos o que posibilita que este sexa o segundo trimestre en contratación feminina só superado polo trimestre anterior no que se asinou no total un contrato máis.



O cuarto trimestre é no que se producen o menor número de contratacións en todo o ano. Respecto do trimestre anterior aumenta o número de contratos no sector secundario pero diminúen nos sectores primario, construción e, especialmente no sector servizos (-126). É neste trimestre no que se produce a menor diferenza entre homes e mulleres no número de contratacións (13) como durante todo o ano sempre a favor dos homes.

As ocupacións máis contratadas e demandadas.

Para esta análise collemos as 10 ocupacións nas que se realizan máis contratacións cada mes por sexo e agrupámolas por trimestres. Dentro de cada trimestre desbotamos as ocupacións nas que non se asinan como mínimo dous contratos.

Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NO CONCELLO. MULLERES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS DO PEIXE	35			
CAMAREIROS ASALARIADOS	19	44	41	24
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	17	30	13	7
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	10	7	13	9
COCIÑEIROS ASALARIADOS	4	12	10	
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	4	11		
PERSONAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	3	3	7	3
OPERADORES DE MÁQUINAS PARA ELABORAR PRODUTOS ALIMENTARIOS, BEBIDAS E TABACO	3			6
AXUDANTES DE COCIÑA		11	11	6
ACTORES		4		5
OUTRAS OCUPACIÓNS ELEMENTAIS		4		
TÉCNICOS EN EDUCACIÓN INFANTIL		3		
PESCADORES DE AUGAS COSTEIRAS E AUGAS DOCES		3	6	5
PEÓNS DA PESCA		3		3
OUTRO PERSONAL DE LIMPEZA			12	
TÉCNICOS EN GALERÍAS DE ARTE, MUSEOS E BIBLIOTECAS			7	
LIMPADOR EN SECO Á MAN E AFÍNS			6	
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS SEN TAREFAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES				18
PANADEIROS, PASTELEIROS E CONFITEIROS				4
PERRUQUEIROS				3
PEÓNS AGRÍCOLAS (AGÁS EN HORTAS, INVERNADOIROS, VIVEIROS E XARDÍNS)				3

No caso das mulleres, entre as ocupacións máis contratadas (22) (21 no 2018) atopamos tres grupos:

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: camareiros asalariados; peóns das industrias manufactureiras; vendedores en tendas e almacéns; cocineiros asalariados; persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; axudantes de cociña; pescadores de augas costeiras e augas doces. Estas ocupacións constitúen o 31.82% das ocupacións analizadas (28.57% no 2018).

2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: traballadores das industrias do peixe; outras ocupacións elementais; técnicos en educación infantil; outro persoal de limpeza; técnicos en galerías de arte, museos e bibliotecas; limpador en seco á man e afíns; empregados administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes; panadeiros, pasteiros e confiteiros; perruqueiros; peóns agrícolas (agás en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns).
3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: monitores de actividades recreativas e de entretemento; operadores de máquinas para elaborar produtos alimentarios, bebidas e tabaco; actores; peóns da pesca.

Dos datos anteriores de ocupacións máis contratadas entre as mulleres salienta este ano as epígrafes camareiros asalariados; pescadores de augas costeiras e augas doces; técnicos en galerías de arte, museos e bibliotecas; limpador en seco á man e afíns; empregados administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes; panadeiros, pasteiros e confiteiros; perruqueiros.

A ocupación camareiros asalariados destacámola este ano porque, aínda que é a máis contratada no ámbito feminino nos últimos anos, este ano aumentaron o número de contratacións (128, fronte a 105 do ano 2018) o que indica que a hostalería é unha das actividades principais de colocación no concello. Moitas das contratacións están ligadas a eventos concretos ou son de tipo estacional pero indican a importancia deste sector na actividade empresarial municipal.

Respecto da ocupación pescadores de augas costeiras e augas doces salientámola porque soe ser unha ocupación moi masculinizada. As contratacións de mulleres prodúcense no segundo, terceiro e derradeiro trimestre do ano totalizando 14 contratos. Esta ocupación xa aparecía entre as máis contratadas no ámbito feminino no concello no 2018 con 7 contratos polo que apreciamos que se dobrou o número de contratos en relación co ano anterior.

No 2019 volve a aparecer a ocupación técnicos en galerías de arte, museos e bibliotecas. Presente nos anos 2016 e 2017 xa comentamos que esas contratacións se realizaran para o Museo do Encaixe e o Museo de Man días puntuais para substituír nas fins de semana, períodos vacacionais ou días libres ao persoal titular dos museos. No 2018 estas contratacións aparecían na ocupación arquivistas e conservadores de museos polo que confirmamos que son contratacións que se producen dende o ano 2016 pero no 2018 se codificaron noutra ocupación.

Outra das ocupacións a destacar sería a de limpador en seco á man e afíns, neste caso non lembramos que aparecera esta ocupación en anos anteriores. Teriamos 6 contratos asinados no terceiro trimestre do ano (época de verán), descoñecemos a que faría exactamente referencia esta ocupación e si se trata dalgún tipo de contratación puntual, dalgún cambio de codificación... estaremos pendentes en vindeiros anos para ver a evolución.

Este ano salientamos tamén a ocupación empregados administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes polo alto número de contratos e concentración nun só trimestre (18 contratos, 4 en novembro e 14 en decembro). A pesares de tentar investigar en que sectores ou traballos concretos se produciran estas contratacións non conseguimos datos nin a través do noso coñecemento do tecido empresarial do concello nin a través da oficina de emprego.

En relación coa ocupación panadeiros, pasteiros e confiteiros temos 4 contratos asinados no derradeiro trimestre do ano. Esta ocupación podería estar relacionada co bo comportamento da hostalería xa que cremos que está vinculada a establecementos que ademais da elaboración de pan e produtos de pastelería contan con servizo de cafetería.

A ocupación de perruqueiros destacámola , aínda que o número de contratacións non é moi alto (3 no derradeiro trimestre do ano) porque levaba sen aparecer entre as dez máis contratadas no concello dende o ano 2016.

Cadro nº 9: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NO CONCELLO. HOMES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
PESCADORES DE AUGAS COSTEIRAS E AUGAS DOCES	35	51	29	14
MARIÑEIRO DE PONTE, MARIÑEIRO DE MÁQUINAS E AFÍNS	20	22	13	3
PEÓNS DA PESCA	20	10	10	8
ALBANEIS	11	6	8	
PEÓNS DA ACUICULTURA	10			
CAMAREIROS ASALARIADOS	8	27	50	17
PEÓNS DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	6	6		3
PINTORES E EMPAPELADORES	4			
FONTANEIROS	3		6	7
CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓN	3			
EMPREGADOS DE OFICINA DE SERVIZOS ESTATÍSTICOS, FINANCEIROS E BANCARIOS	3			
CARPINTEIROS (AGÁS EBANISTAS)	3			
PESCADORES DE ALTURA		11	5	
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO		9		3
TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS DO PEIXE		5		
AUXILIARES DE VIXILANTE DE SEGURIDADE E SIMILARES NON HABILITADOS PARA IR ARMADOS		4		
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS		4		4
OUTRO PERSOAL DE LIMPEZA			12	
PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS			9	
BAÑISTAS – SOCORRISTAS			6	
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS				5
AXUDANTES DE COCIÑA				5
PANADEIROS, PASTELEIROS E CONFITEIROS				5
OPERADORES DE MÁQUINAS PARA ELABORAR PRODUTOS ALIMENTARIOS, BEBIDAS E TABACO				3
PEÓNS AGRÍCOLAS (AGÁS EN HORTAS, INVERNADOIROS, VIVEIROS E XARDÍNS)				3
PERRUQUEIROS				3
ACTORES				3

En canto aos homes, nas ocupacións máis contratadas (27) (23 no 2018) atopamos 3 grupos, este ano coinciden catorce ocupacións coas máis contratadas entre as mulleres (sete no ano 2018) polo que apreciamos que diminúe a segregación horizontal das ocupacións e contratacións por sexo.

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: pescadores de augas costeiras e augas doces; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; peóns da pesca; albaneis; camareiros asalariados; peóns da construción de edificios; fontaneiros. Estas ocupacións constitúen o 25.92% das ocupacións analizadas (30.43% no 2018).

2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: peóns da acuicultura; pintores e empapeladores; condutores asalariados de camións; empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios; carpinteiros (agás ebanistas); traballadores das industrias do peixe; auxiliares de vixilante de seguridade e similares non habilitados para ir armados; outro persoal de limpeza; peóns de obras públicas; bañistas-socorristas; vendedores en tendas e almacéns; axudantes de cociña; panadeiros, pasteiros e confiteiros; operadores de máquinas para elaborar produtos alimentarios, bebidas e tabaco; peóns agrícolas (agás en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns); perruqueiros; actores.
3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: pescadores de altura; monitores de actividades recreativas e de entretemento; peóns das industrias manufactureiras.

Dos datos anteriores de ocupacións máis contratadas entre os homes, destacar as epígrafes de camareiros asalariados; fontaneiros; panadeiros, pasteiros e confiteiros; perruqueiros.

A ocupación de camareiros asalariados chámamos a atención polo ascenso no número de contratacións en relación co ano anterior. No 2019 aparece entre as máis contratadas nos catro trimestres do ano totalizando 102 contratos. No ano 2018 aínda que tamén aparecía entre as máis contratadas facíao en tres trimestres, con 51 contratos. Vemos que, polo tanto, se dobrou o número de contratacións na ocupación. Como xa indicamos en relación coa contratación feminina deste posto estes datos tan positivos amosan que a hostalería é unha das actividades principais de colocación no concello. Moitas das contratacións están ligadas a eventos concretos ou son de tipo estacional pero indican a importancia deste sector na actividade empresarial municipal.

Respecto da ocupación de fontaneiros aínda que continúa figurando como unha das máis contratadas entre os homes destacámola este ano polo forte descenso no número de contratos. No 2019 temos 16 contratos rexistrados en todo o ano (3 trimestres entre as máis contratadas) mentres que no 2018 figuraba entre as máis contratadas en tódolos trimestres do ano, con 41 contratos. Xa comentamos que o boom na contratación do 2018 podía estar vinculado á reactivación do sector da construción nos concellos da zona e á construción do parador de Muxía dado que contrataron moitas empresas da comarca para traballos relacionados co acabado de edificios co que estas tiveron que reforza-los seus cadros de persoal en momentos puntuais. O descenso no 2019 podería apuntar a volta a unha tendencia similar a anos anteriores nos que a construción do parador de Muxía non estaba presente, seguiremos atentos á evolución desta ocupación no 2020.

En relación coa ocupación panadeiros, pasteiros e confiteiros temos 5 contratos asinados no derradeiro trimestre do ano (4 en outubro e 1 en novembro). Esta ocupación, como xa comentamos no caso das mulleres, podería estar relacionada co bo comportamento da hostalería xa que cremos que está vinculada a establecementos que ademais da elaboración de pan e produtos de pastelería contan con servizo de cafetería.

A ocupación de perruqueiros destacámola, aínda que o número de contratacións ao igual que no caso das mulleres, non é moi alto (3 no derradeiro trimestre do ano, todos no mes de outubro) porque non aparecera entre as dez ocupacións máis contratadas, polo menos nos dez últimos anos.

Á vista dos anteriores resultados podemos concluír que as ocupacións e sectores nos que se producen o maior número de contratacións adoitan ser bastante estables ao longo do ano.


Entre as 10 ocupacións nas que se asina un maior número de contratos en cada trimestre, que ao final do ano da lugar a 22 ocupacións no caso das mulleres (21 no 2018) e 27 no caso dos homes (23 no 2018) coinciden homes e mulleres en catorce (7 no 2018) o que reflicte a diminución na segregación horizontal por sexos xa apuntada. Estas ocupacións serían: traballadores das industrias do peixe; camareiros asalariados; peóns das industrias manufactureiras; vendedores en tendas e almacéns; monitores de actividades recreativas e de entretemento; operadores de máquinas para elaborar produtos alimentarios, bebidas e tabaco; axudantes de cociña; actores; pescadores de augas costeiras e augas doces; peóns da pesca; outro persoal de limpeza; panadeiros, pasteiros e confiteiros; perruqueiros; peóns agrícolas (agás en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns).


Cadro nº 10: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. MULLERES.

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	117	110	105	119
Mozos de recollida de lixos - vertedoiros	101	96	88	90
Peóns de obras públicas, en xeral	76	70	68	71
Dependentes de comercio, en xeral	57	57	57	71
Peóns forestais	46	44	39	41
Pinches de cociña	31	28	23	27
Caixeiros de comercio	31	30	31	42
Camareiros de pisos (hostalería)	31	31	30	36
Camareiros, en xeral	30	24		
Empregados de fogar	30		23	
Limpadores – preparadores de peixe para conservas		26	26	
Repoñedores de hipermercado		24	26	29
Empregados administrativos, en xeral			23	29

Cadro nº 11: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. HOMES.


	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Peóns de obras públicas, en xeral	60	60	40	59
Mozos de recollida de lixos-vertedoiros	41	42	27	35
Peóns forestais	39	38	26	34
Peóns da construción de edificios	24	29	19	27
Albaneis	23	27	19	30
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	17	16	10	15
Condutores de furgonetas, ata 3.5 T	14	12	10	12
Xardineiros, en xeral	11	8		
Carpinteiros, en xeral	11	11	8	12
Conserxes, en xeral	9			
Camareiros, en xeral	9			
Mozos de carga e descarga, almacén e/ou mercado de abastos		8	10	
Mariñeiros de buque de pesca			7	10
Encofradores				14





Cadro nº 12: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS E DEMANDADAS NO CONCELLO

	CONTRATOS			DEMANDAS		
	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL
PEÓN S DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	67	8	75	-	-	-
SERVIZOS A PERSOAS DEPENDENTES	3	-	3	-	-	-
OCUPAC. RELACIONADAS CO COMERCIO	39	5	44	120	-	120
OCUPAC. RELACIONADAS COA RESTAURACIÓN	182	107	289	54	9	63
OCUPAC. RELACIONADAS COA LIMPEZA	34	12	46	171	14	185
OCUPACIÓN S AGROFORESTAIS	3	3	6	42	43	85
TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS	-	3	3	-	21	21
OCUPAC. DE TIPO ADMINISTRATIVO	18	3	21	26	-	26
OCUPACIÓN S ALIMENTARIAS	48	13	61	26	9	35
MANTEMENTO VÍAS, LIMPEZA PRAIAS E CONDUTORES DE MAQUINARIA DE TERRAS	-	9	9	165	91	256
OCIO E TEMPO DE LECER	31	15	46	-	-	-
OCUPAC. RELACIONADAS COA PESCA E ACUICULTURA	20	261	281	-	8	8
CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	-	40	40	-	63	63
OUTRAS OCUPAC. DA CONSTRUCCIÓN RELACIONADAS CO ACABADO DE EDIFICIOS	-	23	23	-	10	10
PROTECCIÓN E SEGURIDADE	-	4	4			
SERVIZOS PROFESIONAIS	3	9	12			
TRABALLADORES NON CUALIFICADOS	4	-	4	-	-	-



Para poder comparar mellor as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupámolas por CNO (código nacional de ocupación) similares, dentro do mesmo sector cos seguintes criterios:

- Peóns das industrias manufactureiras: Non se agrupa con ningunha outra ocupación porque falta información sobre o sector concreto de ocupación.
- Servizos a persoas dependentes: técnicos en educación infantil.
- Ocupacións relacionadas co comercio: vendedores en tendas e almacéns; dependentes de comercio, en xeral; caixeiros de comercio; repoñedores de hipermercado.
- Ocupacións relacionadas coa restauración: camareiros asalariados; cocineiros asalariados; axudantes de cociña; pinches de cociña; camareiros, en xeral.
- Ocupacións relacionadas coa limpeza: persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; outro persoal de limpeza; limpador en seco á man e afíns; persoal de limpeza ou limpador, en xeral; camareiros de pisos (hostalería); empregados de fogar;
- Ocupacións agroforestais: peóns agrícolas (agás en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns); peóns forestais, xardineiros, en xeral.

- Transporte e mantemento de vehículos: condutores asalariados de camiós; condutores de furgonetas ata 3.5 T; mozos de carga e descarga, almacén e/ou mercado de abastos.
- Ocupacións de tipo administrativo: empregados administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes; empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios; empregados administrativos, en xeral; conserxes, en xeral.
- Ocupacións alimentarias: traballadores das industrias do peixe; operadores de máquinas para elaborar produtos alimentarios, bebidas e tabaco; panadeiros, pasteiros e confiteiros; limpadores-preparadores de peixe para conservas
- Mantemento de vías, limpeza de praias e condutores de maquinaria de terras: peóns de obras públicas; mozos de recollida de lixos – vertedoiros; peóns de obras públicas, en xeral.
- Ocio e tempo de lecer: monitores de actividades recreativas e de entretemento; actores; técnicos en galerías de arte, museos e bibliotecas.
- Ocupacións relacionadas coa pesca e acuicultura: pescadores de augas costeiras e augas doces; peóns da pesca; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; peóns da acuicultura; pescadores de altura; mariñeiros de buque de pesca.
- Construción de edificios: albaneis; peóns da construción de edificios.
- Outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios: pintores e empapeladores; fontaneiros; carpinteiros (agás ebanistas); carpinteiros, en xeral.
- Protección e seguridade: auxiliares de vixilante de seguridade e similares non habilitados para ir armados
- Servizos profesionais: perruqueiros, bañistas-socorristas
- Traballadores non cualificados: outras ocupacións elementais

Co fin de realizar a comparación dos datos numéricos cómpre indicar que collemos os datos das 10 ocupacións máis demandadas e as 10 máis contratadas en cada trimestre no ámbito masculino e no ámbito feminino. O número de contratos que aparecen no cadro 12 está realizado a partir do sumatorio das táboas de contratación. En canto ás demandas calculamos a media trimestral que correspondería a cada ocupación e sumamos as ditas medias segundo os nosos grupos sectoriais.

Se realizamos a comparación entre as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupadas por CNO segundo os criterios anteriormente sinalados, podemos concluí-lo seguinte:

1. En varias das ocupacións estudadas (7) atopamos un número de demandas superior ao número de contratacións, concretamente nas ocupacións relacionadas co comercio; coa limpeza; agroforestais; transporte e mantemento de vehículos; de tipo administrativo; mantemento de vías, limpeza de praias e condutores de maquinaria de terras; construción de edificios. Estaríamos, polo tanto, ante postos de traballo que se ocupan no mercado laboral aínda que na maioría dos casos a demanda está bastante descompensada xa que se producen moitas máis demandas que contratacións.
2. Un segundo grupo serían as ocupacións contratadas que non aparecen entre as máis demandadas, isto sucede con 6 das estudadas (7 no 2018): peóns das industrias manufactureiras; servizos a persoas dependentes; ocio e tempo de lecer; protección e seguridade; servizos profesionais; traballadores non cualificados. Isto podería indicar que, nalgún dos casos, este tipo de contratacións non se están a facer a través do SPEG.
3. No caso das ocupacións relacionadas coa restauración; alimentarias; as relacionadas coa pesca e acuicultura e outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios; aínda que aparecen entre as primeiras tanto en número de contratos como en demandas, a contratación supera a demanda polo que quedarían prazas vacantes, que probablemente, como no grupo anterior non se estarían a xestionar a través do SPEG.

4. Este ano, ao igual que no 2017 e 2018, non temos ningunha ocupación entre as máis demandadas que non apareza entre as máis contratadas o que podería apuntar a unha mellor adecuación entre oferta e demanda e á mellor orientación e intermediación laboral no territorio se esta tendencia se confirma en próximos anos.

Cómpre salientar que as ocupacións mozos de recollida de lixos – vertedoiros e peóns de obras públicas, en xeral son dúas das ocupacións máis demandadas en ambos sexos porque son códigos que os concellos utilizan para as súas ofertas de limpeza de praias, rúas e mantemento de vías e obras polo que as persoas demandantes desta ocupación solicitan este traballo aínda que despois non aparece reflectido nos contratos porque se especifican ocupacións como persoal de limpeza de praias, operario de servizos múltiples,...

Tanto as contratacións como as demandas se caracterizaban por reflectir a segregación horizontal por sexo en sectores e ocupacións. Aínda que este ano o número de demandas nas 10 ocupación máis demandadas (604) é inferior ao do ano 2018 (627) continúa a tendencia dun gran número de demandas por parte das mulleres en ocupacións masculinizadas. Así destacamos as ocupacións de mantemento de vías e limpeza de praias e as ocupacións agroforestais. Cómpre salientar que esta tendencia da demanda feminina vén favorecida pola intervención da administración xa que eses códigos soen empregarse para as contratacións dos concellos de limpeza de praias, mellora en espazos e vías, cuadrillas de extinción de incendios...

No 2019 observamos un aumento significativo, respecto do 2018, no número de contratacións nas ocupacións de peóns das industrias manufactureiras; as relacionadas co comercio; coa restauración; limpeza; de tipo administrativo; ocupacións alimentarias e ocupacións relacionadas coa pesca e acuicultura. Pola contra temos un descenso significativo nas ocupacións de transporte e mantemento de vehículos; ocio e tempo de lecer; outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios e, ocupacións relacionadas co turismo, esta última desaparece no 2019 do cadro de ocupacións máis contratadas.

O número de contratos do 2019 (967) nas dez ocupacións máis contratadas é superior ao do ano 2018 (799). Non coñecemos a calidade da contratación xa que a maioría dos contratos son de duración temporal e, despois de profundar algo no tema chegamos á conclusión de que algunhas das contratacións son por días soltos.

Á vista dos resultados anteriores cómpre intervir e orientar cara á demanda naquelas ocupacións de postos que non se cobren. No caso dalgunha ocupación pode ser un problema de elección na codificación porque ao existir tantas ocupacións similares ás veces non se solicita traballo nun código pero si aparecen outros códigos semellantes. Outro problema é a dificultade para codificar algunha ocupación, un exemplo claro son as contratacións que fan os concellos para a tempada de verán xa que en moitas ocasións contratan persoal como operarios de servizos múltiples ou para limpeza de praias, códigos que non existen no CNO co que cada concello á hora de realiza-la oferta de emprego no SPEG o fai por un código distinto.

De todo isto concluimos que o obxectivo da orientación segue a ser a mellor relación entre os recursos humanos e as necesidades do mercado laboral a través de mecanismos informativos e formativos que equilibren recursos e necesidades.